a nosa quenda

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

Revista do Equipo de Dinamización Lingüística do IES Lama das Quendas

Nº 11

xuño 2019

A NOSA QUENDA 2019

ÍNDICE

Día das Letras Galegas 2019 2

Teatro con alumnos de oratoria..... 7

Concurso Cartas de Amor 8

V Competición de robots 11

Actividades 2018-2019..... 12

Departamento de Francés..... 13

A horta do instituto..... 15

Chantada sen violencia..... 16

As meigas de Quendas 17

Premio defensa da lingua galega..... 18

Visita de Manuel Portas..... 19

Traballos da ESA..... 20

Mostra de teatro greco-latino..... 21

Encontro con Ledicia Costas..... 22

XIV Semana da Poesía..... 22

Visitas con encanto..... 23

Petróglifos de Chantada..... 24

DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2019

Manuel Vilar, Dep. Xeografía e Historia. Director do Museo do Pobo Galego

Antonio Fraguas: "Eu traballei sempre por e pra Galicia"

O Día das Letras de 2019 está dedicado a Antonio Fraguas Fraguas. Non foi un poeta, tampouco escribiu novelas, pero si varios libros e moitos artigos en revistas e xornais, como tamén deu moitas conferencias e pregóns, por exemplo foi o pregoeiro da 1ª Festa do Viño de Chantada en 1983.

Onde o mundo se chama Insuela

Antonio Fraguas naceu na aldea de Insuela, na parroquia de Santiago de Loureiro (hoxe concello de Cerdedo-Cotobade), o día dos Santos Inocentes de 1905. Daquela o día dos Santos Inocentes era unha data clave no calendario das festas do chamado ciclo anual (magostos, Nadal, Entroido, maios, San Xoán). Non sabemos se por esta coincidencia se dedicou tamén a estudar as festas e romarías

Cando nace o seu pai emigrara para Brasil, polo que se cría coa nai e con outra muller que estaba na casa, "mamá Antonia", quen non sabendo ler ensinoulle moitas cousas ao carón do lume da lareira. O neno soñaba con ser maquinista de tren en Río de Janeiro. Foi a unha escola na que non aprendeu nada durante oito anos, e iso que o mestre era parente. Como os pais querían emigrar para o Brasil, deciden envialo a unha escola particular para que aprendera algo. E aprendeu tamén que a regra tiña outra función que a de instrumento de castigo. O neno que ía marchar traballar ao Brasil, vai agora estudar. O mestre desta escola, en Famelga, diría que "transformou a miña vida".

Un neno da aldea

Con catorce anos marcha estudar o bacharelato a Pontevedra. Era un dos raros nenos do rural que ía estudar, ademais, cando chega á cidade apenas sabía castelán, polo que pronto o sinalado como "o da aldea". Sempre levará con orgullo a súa ascendencia aldeá e o alcume despectivo foi para el un motivo de orgullo. A boina era unha dos seus sinais de identidade e a súa aldea unha fonte de datos para entender e explicar o mundo.

No instituto ten como profesores a Castelao, Losada Diéguez ou Sobrino Buhigas (estudoso dos petróglifos). Estes profesores incidiron decididamente na formación e orientación do mozo Antonio Fraguas, quen vai dedicar toda a súa vida ao estudo da nosa prehistoria, historia, xeografía, arte e, especialmente, o xeito de como os galegos e as galegas entenderon e construíron o mundo: o noso xeito de ser.

Rematado o bacharelato marcha estudar a carreira, Filosofía e Letras, á Universidade de Santiago de Compostela en setembro de 1924.

En Compostela: vitalidade e compromiso

Na cidade de Santiago de Compostela ademais de facer os estudos na Universidade, Fraguas mestúrase nun ambiente cargado de inquedanzas vitais, intelectuais e políticas. Eran tempos cargados de entusiasmo e ilusión.

Un ano antes da súa chegada a esta cidade fundárase o Seminario de Estudos Galegos (SEG), unha entidade que tiña como obxectivo investigar para modernizar e prestixiar a cultura galega, estudos que a Universidade non

potenciaba. Fraguas, encamiñado polo seu antigo profesor Losada Diéguez e polo amigo do instituto Sebastián González García-Paz, vai formar parte deste grupo de intelectuais. Para ingresar oficialmente había que expoñer un traballo. O del foi sobre o castro de Soutolongo (Lalín).

Tanto no SEG coma na Universidade, Fraguas vai ser un traballador calado e incansable. Un traballador disposto a facer de todo, está sería outra das súas características ao longo de toda a súa vida.

No SEG colabora coas distintas seccións (Etnografía, Xeografía, Prehistoria) e traballará nas *Xeiras*, saídas ao campo para estudar diversas comarcas. Nas Xeiras, Fraguas fai catalogación de castros e mámoas na Terra de Deza e na Terra de Melide, pero cando cataloga estes xacementos tamén recolle as lendas que a xente construíra sobre estes restos do pasado. Tamén catalogará as mámoas e castros do Saviñao xunto a Florentino López Cuevillas e Pura Lorenzana.

Ademais de estudar, investigar, participar na vida política (foi membro das Irmandades da Fala e do Partido Galeguista), tamén colaborou cunha emisora de radio nun momento no que este medio de comunicación daba os seus primeiros pasos en Galicia. Foi profesor na Universidade e aprobou as oposicións de ensino. O seu destino foi a Estrada, polo que vai deixar Compostela. Entre tantas tarefas ten tempo para casar con Teresa Martínez Magariños.

Falange Española Tradicionalista y de las J. O. N-S.

A 42929.77

Delegación Provincial de Información e Investigación LA CORUÑA

GUILLERMO TOGORES Y DIAZ DEL RIO, DELEGADO PROVINCIAL DE INFORMACION E INVESTIGACION DE F. E. T. Y DE LAS J. O. N-S. DE LA CORUÑA

N.º 4.489.

CERTIFICO: Que de los datos obrantes en esta Delegación Provincial resulta que, ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS, hijo de Manuel y de Teresa, de treinta y siete años de edad, casado, licenciado en Filosofía y Letras, natural de Soqueiro (Pontevedra) y vecino de Santiago de Compostela; con anterioridad al Movimiento estuvo afiliado al Partido Galleguista, manifestándose como separatista gallego en la zona católica. Durante el Movimiento no prestó ningún servicio al mismo. Fue sancionado con dos años de separación por la Dirección de Institutos.- Le consta observación delictiva al igual que la de su vida pública y privada, es buena.- No pertenece a F.E.T. y de las J.O.N-S., no consta, por lo tanto, su afección al Movimiento.

Y para que conste a efectos de tomar parte en oposiciones, a petición del interesado, expido y firmo la presente certificación con el Visto Bueno del Jefe Provincial del Movimiento, en La Coruña a diez de Mayo de mil novecientos cuarenta y tres.- Este certificado solamente es utilizable a los efectos expresados y su validez caduca a los tres meses de su expedición.

Vº. Bº.
EL JEFE PROVINCIAL

SALUDO A FRANCO:
¡¡ARRIBA ESPAÑA!!

A Estrada: da ilusión á represión

Chega a esta vila do Deza en 1933 e o Instituto aínda non está rematado, polo que as aulas serán impartidas nunha fábrica de mobles. Cos seu alumnado fará saídas, pero tamén catalogará castros e recolle materiais para facer un museo, como participará na vida política, especialmente na campaña polo referendo para aprobar o Estatuto de Autonomía (1936) facendo charlas por todas as parroquias do concello e dando un mitin na vila na compaña de Castelao, como o dará en Maside (Ourense) de onde era orixinaria a súa nai.

Pero chega o levantamento militar contra o goberno lexítimo da II República e Fraguas é detido, pasa unha noite preso sufrindo todo tipo de vexacións. Nunca quixo falar do que lle pasara esa noite aciaga, nin pór nome á xente que o vexou.

Despois de quedar en liberdade marchará para a casa da nai e terá que agocharse no monte un tempo, pois as ameazas continuaron. Co triunfo do levantamento militar perde a súa praza de profesor.

De volta a Compostela: os anos de ferro

Pasados os primeiros momentos da Guerra Civil, volve a Compostela, pero non pode dar clase. Para sobrevivir terá que aliarse cun crego e ensinar nunha academia privada durante varios anos. Nestes anos difíceis aproveita para seguir escribindo e investigando, realizando a súa tese de doutoramento. Tamén se presenta de novo ás oposicións de ensino. Aínda que chega até o final, diranlle que non o aproban polo seu pasado político. Así até tres veces, que aproba e vai destinado a Lugo en 1950. Volve ao ensino público catorce anos despois de ser apartado.

Todo os seus traballos están agora escritos en castelán, pero até o levantamento militar os seus escritos eran en galego. Nestes anos escuros procura abrir algunha xanela para que entre a luz, como a do Padroado Rosalía de

Castro, no que participa desde a súa constitución en 1947. O seu obxectivo era adquirir e rehabilitar a Casa da Matanza, a actual Casa de Rosalía en Padrón.

De Lugo a Compostela

No Instituto Masculino de Lugo, o actual Lucus Augusti, estará desde 1950 até 1959, en que volve a Compostela para dar clases no entón Instituto Feminino, hoxe Rosalía de Castro, onde se vai xubilar en 1975.

En Lugo, coma sempre, non só se vai dedicar a dar aulas, senón que investiga, escribe, publica, da charlas, etc. sempre traballando caladamente en diversas cousas.

En 1956 entra na Real Academia Galega para ocupar a cadeira que deixara Castelao tras a súa morte no exilio. No seu discurso de ingreso dirá que é "un posto que non merezo" e que "fora mellor deixar vacante".

En Compostela será nomeado director do Museo Municipal e, xa xubilado, participa na constitución da entidade que nace para crear o Museo do Pobo Galego. Será o seu director desde a súa apertura en 1977. Nesta cidade, querida para el e na que foi querido, como mostra se lle puxo o seu nome a un instituto de ensino e a unha avenida, remata a súa viaxe vital en novembro de 1999. Agora é veciño de Valle Inclán, de Isaac Díaz Pardo e do poeta Aurelio Aguirre.



Antonio Fraguas: un traballador da cultura

Antonio Fraguas é autor dunha ampla obra e tratou diversos campos. Fixo catalogación arqueolóxica, escribiu un manual de xeografía, foi historiador, historiador da arte, pero especialmente foi un etnógrafo, un estudoso da nosa forma de ser. Hoxe poderiamos dicir que foi un estudoso do noso patrimonio inmaterial. Todo o seu traballo é unha mostra de amor a Galicia, de orgullo de ser galego.

Un etnógrafo ou antropólogo

O seu traballo no campo da etnografía hai que encadralo dentro da tarefa de recoller por escrito as manifestacións da tradición oral, ante o perigo de desaparición por mor do avance técnico e do proceso de desruralización e cambio no que estaba envolta a sociedade galega ao longo do século XX, proceso que levaba a que "as leiras non dan millo, os hórreos non teñen espigas a secar, e os muíños non teñen grao que moer", é dicir, un proceso de perda de vitalidade e se non hai vitalidade desaparecemos como sociedade.

Como etnógrafo mantivo relacións con outros colegas galegos e foráneos, especialmente portugueses, e vai participar en numerosos congresos en Galicia e algún en Portugal.

Fai unha recollida de contos, lendas, coplas, costumes e tradicións porque pensa que van desaparecer e sente a obriga imperiosa de catalogar ese patrimonio antes de que desaparezan e poder transmitilo ás xeracións vindeiras para que estas teñan elementos que os aseguren ante o vento do desarraigo. Para el, como para a xente da xeración Nós, a continuidade no tempo deses costumes era garantía de seguridade. Algo que viña sucedendo desde tempos pasados tiña unha utilidade demostrada.

Entende tamén que esas coplas e eses ditos mostran unha estrutura cultural válida, algo que mostra “a vida por enteiro con tódalas preocupacións dende o nacemento ata a morte”. Con estes materiais é capaz de explicar o noso sistema cultural.

O seu labor céntrase especialmente no que a xente do Seminario de Estudos Galegos denominou “cultura espiritual” e, hoxe, patrimonio inmaterial. Entre eles estarían as festas (romarías, Entroido, Nadal), a literatura oral, as crenzas, o traxe, os xogos infantís, as feiras, etc.

As festas que estuda pertencen a unha sociedade na que o mundo rural ten aínda un peso determinante, un mudo que vive no límite da subsistencia e onde o consumo mercantil ten aínda un espazo reducido. Nesta paisaxe, rural e labrega, a festa era un feito importante, algo que rompía o discorrer monótono do paso do tempo, marcando un antes e un despois, pero tamén un acontecemento no que deixarse ver, como persoas e como comunidade, mostrarse para seguir existindo. Eran festas de todos e para todos, festas de comunidade, algo que aglutina, que mostran a vida en común e en continuidade. A súa pretensión era “tratar de valorar todo canto teñen de positivo as romarías, a emoción sincera do recoñecemento da mediación do santo, a viaxe para agradecer a recuperación da saúde perdida ...”. Se a festa é unha expresión dunha vida en comunidade, as festas que teñen lugar cando se fan traballos en común, como as que se facían cando se traballaba o liño, son tamén importantes para reforzar os lazos de veciñanza, un motivo para a xuntanza e o transcorrer da vida en sociedade.

O Museo do Pobo Galego

No ano 1976 constitúese o Padroado do Museo do Pobo Galego coa arela de dar corpo a unha vella idea galeguista: unha institución museística de ámbito galego, que callara xa nos tempos do Seminario de Estudos Galegos e que fora desmantelada co trunfo do levantamento militar de 1936.

Antonio Fraguas participara nesa primeira iniciativa e participará no proceso de creación do Museo do Pobo Galego, sendo nomeado director do Museo, mentres que o seu amigo e etnógrafo Xaquín Lorenzo será o Presidente do Padroado. O Museo abrirá as portas o 29 de outubro de 1977 e, desde ese momento, Antonio Fraguas formará parte activa na vida desta institución civil, que tamén presidirá dende 1989, cando falece Xaquín Lorenzo, ate o seu pasamento.

Para el este Museo tiña que mostrar “o que foi Galicia, pois este país, por sorte ou por desgraza, xa non é como aparece neste museo. De aí a razón desta obra”.

En agosto de 1999 créase a Fundación Antonio. Os obxectivos son o de divulgar e conservar os lugares da memoria que configuran a historia e a antropoloxía de Galicia. Tamén o alentar entre a comunidade escolar un labor orientado á educación patrimonial, polo que vén convocando anualmente o *Proxecto Didáctico Antonio Fraguas.* Toda a súa vida estivo entre libros. Traballou na catalogación da Biblioteca América da USC, foi bibliotecario SEG, do Instituto de Estudios Gallegos “Padre Sarmiento” e da Real Sociedad Económica de Amigos del País. Gustábanlle os libros e procurou en tempos nos que mercar un libro non era cousa doada, formar unha boa biblioteca a que chamaba o seu “tesouro”. Ese tesouro de máis de 13.000 títulos foron doados ao Museo do Pobo Galego para ser posto a disposición da cidadanía.

Escolma de coplas de Loureiro de Cotobade

Eu ben vin estar o cuco
na rama d-un castiñeiro,
coa machada na mán
deprendendo a carpinteiro

_____

Canta cuco canta cuco
na rabela do arado,
as mulleres antre os homes
é un gando mal gardado.

_____

Foches falar mal de mín
axunto dos meus amores,
fai de conta que botaches
auga por riba de flores.

_____

Eu collín a flor da xesta
que é a primeira que vén,
desde que te vín a tí
non amei a mais ninguén.

_____

Sei d-un niño dunha melra
outro dunha lavandeira,
agora teño tres niños
co niño da costureira.

_____

Da banda d'alá do río
asubíame unha melra,
a melra como asubía
anda segando na herba.

_____

Eu ben vín estar o moucho
encima d-ún amieiro,
coa subela na mán
aprendendo a zapateiro.

_____

Moucho que estás no canizo
bota castañas abaixo,
anque non teño mandil
acádochas no refaixo.

_____

O paxaro cando chove
mete o rabo na silveira,
así fan as boas mozas
cando non hai quen as queira.

_____

Cantan os galos o día
érguete, meu ben, e vaite.
Como me hei d-ir, queridiña,
como me hei d-ir e deixarte?

TEATRO COS ALUMNOS DE ORATORIA E DE MÚSICA DE 1º DE ESO.

En colaboración cos alumnos de música e o seu profesor, os rapaces de oratoria prepararon a obra "A fada Pirata" e representárona para os seus compañeiros no salón de actos do centro. A obra fala das viaxes polo mundo dos soños, ás que só os libros poden levarnos. Todos colaboraron formando un fantástico equipo de músicos, actores e decoradores. Para eles vai o noso aplauso pola ilusión que mostraron na preparación da obra.

ENCONTRO CON VICTOR FREIXANES

No actual curso escolar, tivemos a sorte de recibir no centro a Víctor F. Freixanes, actual presidente da RAG, ademais de xornalista e escritor. Falounos da *lectura, a escritura, e a súa difusión.*

Todos chegamos a un primeiro contacto coa Literatura de maneiras ben diferentes, no seu caso foi cos contos orais; os literarios despois; tampouco faltaron os poemas que o seu pai lle recitaba polas noites coma se fosen propios e lle facían pensar ao neno Víctor que as *Nanas da cebola* non eran de Miguel Hernández, eran do seu pai! A xente contaba daquela historias de medo ao pé da lareira e agardaba as cartas dos emigrantes coas novidades de fóra. Era este último o único contacto coa palabra escrita en moitas casas galegas. Hoxe hai outras maneiras de contar: libros, cinema, tv., redes sociais…

Para que serve o galego? Para que serve a lectura? Lendo desenvolvemos a capacidade de interpretar o mundo, de seducir, de defender os nosos intereses, de compartir a realidade e actuar para transformala ao noso favor. A palabra é sedución. Cyrano namora e vence coa palabra e, segundo Freixanes, todos escribimos por primeira vez cando nos namoramos. A Lingua é a gran forza para compartir a realidade, xa que todos construímos un relato e explicamos a nosa visión do mundo por medio dun relato**. Os galegos necesitamos vertebrar a capacidade creadora nunha estratexia colectiva para proxectala ao exterior**. Rosalía sabía que algún día a poderían ler, tiña fe na súa lingua e en Galicia, e chegou a conseguir que a galega sexa **a única Literatura do mundo que leva por bandeira unha muller.**

Freixanes díxolle aos rapaces de BAC que ler os clásicos "é como facer o amor". A primeira vez non se experimenta a experiencia na súa plenitude; só cando imos comprendendo *A arte de amar* sentimos a marabilla da relación amorosa, a plenitude do pracer de ler, no noso caso. **A interacción entre lector e texto pode conseguir que o resto do mundo desapareza** e esta relación non se chega a establecer en ninguna outra arte.

O escritor conclúe dicíndonos que "**todos temos un libro agardando por nós**" e indicounos algún dos seus libros e autores preferidos: Otero Pedrayo,; *Merlín e familia* de Álvaro Cunqueiro; *Sobre héroes y tumbas* de Ernesto Sábato; *Manhathan Transfer* de J. Dos Passos; *La ciudad automática* de Julio Camba; os contos de Méndez Ferrín; *La saga y fuga de J.B. de* Torrente Ballester , Alejo Carpentier, Valle-Inclán…

Despediuse de nós lembrándonos que a palabra é a gran forza da comunicación humana e que hai **"espadas como labios"**, como dixo o enorme poeta, Vicente Aleixandre.

Concurso: Cartas de Amor

1º Premio.

CARTA DE AMOR

Querida María:

Hoxe escríboche, como todos os días desta semana. Dende que te fuches a estudar ese curso de inglés ao extranxeiro, estránote, estrano a túa sonrisa, eses beizos de cor rosado que me falaban e me dicían todo cunha simple palabra, a de : QUÉROTE!. Estrano ese pelo louro e longo que se metía nos meus ollos de calquera forma, estrano eses ollos de cor verde que me deixan ver o mundo, estrano os teus abrazos, os teus bicos que me daban calor, estrano todo de ti.

Recordo o día no que nos coñecemos, o dia no que coñecín á princesiña do meu conto.

Ese día soupen que o amor a primeira vista existe. Quería falarche, bicarte, abarzarte. Ese día fixacheste en min, e dende entón namorei aínda mais de ti.

Estou, aínda, esperando o día no que petes na miña porta, o día en que ese maldtito curso remate para ter a muller que necesito, ao meu lado.

Espero que non te olvidaras de min, o home que sempre te vai querer.

Bicos, Diego.

Beatriz Rodríguez Carnero 2ºB

2º Premio

Un amor para sempre — María Enríquez Díaz 1ºA

Ese día, os meus ollos non estaban igual que sempre, estaban máis brillantes que cando nevaba. E sen poder imaxinarme por que razón sería, soubon o por que. Nunca pensara que esa podía ser a situación, pois si. Non había ninguna outra explicación era esa, nunca me pasara tal cousa, e si, era por iso; estaba asustada e non sabía que facer, imaxinábame que se o contaba, podería ir a peor.

Para algúns sería unha loucura, para outros unha tonteria sen importancia e para min sentir un pouco de medo, e non entendía o por que. Ese luns, 10 de febreiro, ti entraches pola porta da clase. O teu cabelo loiro, o teu corpo estreito e de gran altura, os teus ollos azuis e a túa voz namoráronme naquel mesmo momento.

Cando te vin, o que menos pensei foi que só con mirarte e escoitarche dicir un simple "ola" xa me namoraría.

Nunca crin que a persoa coa que estaría toda vida sería unha que entrara pola porta daquela clase na que hai 25 anos estabamos os dous. Por iso, se me ocorreu mandarche unha carta o 14 de febreiro. E por iso, estes catro días estiven preparando a carta, a que temos agora gardada nos recordos da infancia.

Aínda que pareza unha tonteria, aquela carta tivo bos resultados. Dicía así:

Querido Pablo:

Dende o día que te coñecín estou namorada de ti.

Non sabía como dicírcho, por iso mesmo che enviño esta carta.

Feliz día de San Valentín.

Para min non era unha tonteria estaba namorada de ti, e cando che mandei a carta estaba nerviosa por saber que era o que farías con ela, e xustamente esa mesma tarde cando me ía ir para a casa apareciches ti, e déchesme unha carta na que dicía que a ti tamén che pasaba o mesmo que a min. Por iso, dende ese día, levamos xuntos xa 25 anos.

E esta carta mándocha este 14 de febreiro para recordar o amor que nos mantén unidos tanto tempo dende o primeiro día cando nos coñecemos.

Feliz día de San Valentín, Pablo.

Atentamente Angélica

3º premio

Nº 2º 189

Chantada, 14 de Febreiro de 2019

Apreciado Mario:

Sei que somos moi amigos, sei que nos queremos, tamén sei que nos respectamos moito, pero xa non podo aguantar máis, teño a necesidade de serche sincera e contarche todos os meus sentimentos.

Dende que te coñezo paréceme moi bo rapaz, e agradezo moito esta amizade que teño contigo, pero o que sinto por ti é algo máis forte. Sinto como unha especie de amor, un amor cara a túa persoa. Amo como es, como pensas, cómote a ti!

Somos amigos e xamais querería por nada do mundo que esta amizade se rompera, porque non soportaría vivir sen ti ao meu lado. Nunca na miña vida pensei ter un sentimento tan grande cara a unha persoa. Moitos din que o amor é unha bobada, unha perda de tempo, e, sinceramente, teño medo. Non só polo que din, senón pola túa reacción ante esta carta, xa que estou convencida de que para nada esperabas isto dunha amiga.

Coñecémonos moito un ao outro, pero nesta ocasión non sei como vas reaccionar ante o meu amor e o que sinto por ti, pero sexa cal sexa a túa reacción espero que a nosa amizade non cambie. Desexo tenrte entre os meus brazos, coa miña mirada cravada na túa, tamén desexo que as nosas mans se crucen e nos fundamos nun fermoso bico. Aceptarei todo o que ti desexes, pero, XAMAIS, renunciar á nosa amizade.

Un grandísimo bico, quérote.

Anónimo

V competición de robots da Universidade de Vigo

O 26 de abril, alumnado de 1º de bacharelato da materia de TICs asistiron á *"V competición de robótica"* organizada pola Escola de Enxeñería de Industrial da Universidade de Vigo. O alumnado tivo a oportunidade de coñecer un pouco da Universidade e poñer a proba os seus coñecementos de programación en competición con equipos doutros institutos de toda Galicia.

Debido a certos contratempos durante á viaxe de ida, non puidemos chegar a Vigo con tempo suficiente para realizar os últimos axustes antes da competición, polo que o alumnado non conseguiu mostrar completamente todo o que traballaron cos robots. Aínda así, un dos nosos equipos estivo cerca de clasificarse para a rolda final e outro acadou un premio á orixinalidade pola decoración do robot.

Esperamos poder asistir de novo o ano que ven a esta interesante experiencia.

Visita á empresa Coremain

O 23 de maio, alumnado de 4º de ESO da materia de TICs asistiu a unha visita á sede da empresa Coremain en Santiago de Compostela.

Esta visita fíxose dentro do programa *"Digitalent - O Core das TIC"* , desenvolto pola Amtega e empresas colaboradoras para potenciar o interese polas novas tecnoloxías e estudios relacionados entre o alumnado galego.

O alumnado participante tivo a oportunidade de coñecer as instalacións e un pouco do funcionamento interno dunha empresa do sector TIC, como é o caso de Coremain. Coremain conta na actualidade con máis de 400 empregados e traballa en colaboración con outras importantes empresas de diversos sectores.

Encontro con Víctor Fernández Freixanes.

ACTIVIDADES 2018-2019

Teatro en inglés (Ourense)

Nadal en francés 2018

Teatro en francés (Ourense)

En defensa da educación

"Mariñeiros por un día": Visita ás illas Cies

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

1º ESO: ***DÉFILÉ DE MODE***

2º ESO: ***DES CARTES-POSTALES***

3º ESO: ***POWER-POINTS CIVILISATION FRANÇAISE ET PRÉSENTATIONS PERSONNELLES***

4º ESO: ***RÉGIONS DE FRANCE***





Para ver los trabajos completos, id al blog de la materia: http://fleurdelysgm.blogspot.com.es/

J'aimerais, un jour, pouvoir voyager avec mes amis au Brésil. Le Brésil me semble un pays très beau et exotique, ce serait magnifique ! si je pouvais aller, j'irais spécifiquement à Rio de Janeiro pendant les carnavals, comme ça, en plus de visiter la Statue du Christ Rédempteur, Copacabana et le mont du Pain de Sucre, nous pourrions profiter des incroyables spectacles qui y sont organisés pendant cette période de l'année. Cela me tarde !

SOFÍA DE ROGATIS DÍAZ

Mon voyage idéal serait d'aller au Moroc. Ce pays est très proche de nous est totalement différent: sa langue , sa culture… Je connais des gens qui ont voyagé là et ils l'ont adoré.Je resterai plusieurs semaines au Moroc parce qu'il y a beaucoup d'endroits à visiter: Marrakech, le Sahara, les cascades d'Ouzoud, les Gorges du Dadès, L'Atlas, Ouarzazate, Taroudant, Agadir, Essaouira… Ce serait le voyage de ma vie!

RAUL LEDO FERNÁNDEZ

Mon grand rêve est de faire une tournée avec ma famille par Europe pendant un an, et j'ai déjà fait un itinéraire pour savoir ce qu'en pensé ma famille. La meilleure option est de passer d'abord en Andorre , pour pouvoir skier et acheter des parfums, parce qu´ils y sont très bon marchés!
Aprês on peut aller à Paris et visiter la Tour Eiffel, Notre Dame, Montmartre, le Louvre, Versailles, Disneyland…
Nous pouvons visiter l´Italie et manger des pizzas, des pâtes et des bonnes glaces toute la journée! hmmm...!!! Ensuite , nous pouvons passer en Allemagne et visiter Berlin , son mur, ses mussées et manger des bonnes saucisses! On visitera aussi l´Autriche , la Hongrie, les Pays Bass...
Au retour , on fera un tour par les îles Baleares et nous reposer! O en aura besoin!

CARME RAMBERDE PÉREZ

Mon grand rêve, c´est de visiter certains pays asiatiques qui m´ont toujours fasciné.L´un d´eux c'est la Thaïlande pour ses incroyables plages, ses temples et tous ses hôtels de luxe. Ça doit être le paradis!L´ autre est le Vietnam, parce que j´aime les endroits tropicaux et lumineux. L'endroit que j´aimerais visiter au Vietnam est la baie d´Ha-Long. Sur les photos, il est impressionant, sûrement qu´en réalité il l'est encore plus!Quand j´aurai vingt ans, si j´ai assez d´argent, j´irai, seul ou accompagné, car je veux vraiment y aller. J´en ai tellement envie!

ALEJANDRO LOJO TABOADA

A HORTA DO INSTITUTO

Este ano, aproveitando a asignatura de CAAP de 4º de ESO, e axudados polos de Cultura científica e de Ciencias da Terra e do Medio Ambiente de Bacharelato, fixemos unha pequena plantación e tamén flores para adornar os espazos axardinados do centro.

Puxemos unhas cebolas (un pouco tarde) e unhas tomateiras. Tamén temos uns fisalis que xa quedaran do curso pasado. O alumnado fixo o seu traballo coas ferramentas coas que contamos no centro. Ademais, dado que o tempo ten sido bastante caloroso, foi necesario organizarse por quendas para regar. Esperemos que os voluntarios tamén veñan polo verán e que as plantiñas superen o estío.

25 de novembro

CHANTADA SEN VIOLENCIA...en negro contra a violencia. NON TAPES OS OLLOS!

" Así que dibujé una puerta violeta en la pared y al entrar me liberé como se despliega la vela de un barco"

Puerta Violeta ROZALÉN Cuando el río suena

Reflexión:

"Liberación tras una represión, la venda que se cae, una puerta que se abre para entrar en otra dimensión por fin amable. Un portazo al maltrato. Es feminismo. Es igualdad".

Enlace: https://youtu.be/cO-6SqgOOT8

CORRELINGUA 2019: EN GALEGO, SEN CANCELAS

O 13 de maio o alumnado de 1º de ESO do noso centro participou no Correlingua Ribeira Sacra, que se celebrou nesa data en Monforte de Lemos.

Un ano máis, e xa van once anos, o alumnado desprazouse acompañado polos titores respectivos para reividicar e defender os dereitos do noso idioma, o lema escollido este ano foi **"En galego, sen cancelas"**.

A marcha que reivindica o uso da lingua galega entre os máis novos, comezaba na zona monumental de Monforte de Lemos, e nela participaron numerosos colexios e institutos do sur da provincia de Lugo. A festa final , con diversas actuacións musicais, rematou sobre as 13:00 horas no parque dos Condes.

Unha vez rematada a actividade lúdico-festiva, o alumnado regresou ao centro para rematar a xornada e dar por finalizado o Correlingua 2019. Chegaron concienciados do dereito a empregar a lingua galega, tanto na fala como na escrita, e a súa defensa como algo vivo e noso.

AS MEIGAS DE QUENDAS

Unha terrorífica maldición caeu sobre a aldea de Quendas …

As rapazas de Quendas están deixando de ser como eran para converterse en princesas remilgadas e cursis, submisas e obedientes sen un ápice de iniciativa e crítica.

Os rapaces tamén están cambiando e estanse a converter en personaxes rudos,dominantes, competitivos e herméticos.

Todos están perdendo a súa propia identidade e humanidade e compórtanse igual sen saírse dos estereotipos marcados polo feitizo.

Só as meigas do bosque coa vosa axuda poderán detela se sodes capaces de entrar no bosque e atopar os elementos máxicos que precisamos para romper o maleficio …

RAPACES: TEMOS UNHA MISIÓN ARRISCADA E EMOCIONANTE

OLLO! No camiño teremos que tomar decisións ……., medir riscos ….., xogar en equipo …., ter sorte …., xa que o bosque está repleto de seres e encontros misteriosos.

Entremos! no bosque para conseguir os elementos máxicos, levarllos as meigas e recitar o CONXURO que rompa a maldición para sempre.

"NIN DOMINANTES, NIN SUBMISAS OBEDIENTES,

PERSOAS LIBRES E DIFERENTES

QUE A MALDICIÓN POR AQUÍ NON SE VOLVA A VER

QUE CADA QUEN SEXA COMO QUEIRA SER"

Enlace: https://youtu.be/ToZIo-9I0sc

ACTO DE RECOÑECEMENTO NA DEFENSA E VALORACIÓN DA LINGUA GALEGA EN CHANTADA

Acto de Recoñecemento na defensa e valoración da Lingua galega: Homenaxe á sociedade **LUGAR DA VEIGA SL** *de Chantada.*

Por cuarto ano consecutivo, dende o departamento de **Dinamización Lingüísica do IES Lama das Quendas**, coa colaboración de toda a comunidade educativa do centro, , e tras estudar en varias xuntanzas as distintas propostas presentadas polos representantes dos diferentes estamentos educativos do centro, acordouse por unanimidade concederlle a homenaxe pola súa fidelidade á lingua galega á fábrica de galletas Daveiga.

Foi escollida a fábrica de galletas Daveiga, tras valorar o uso da lingua como medio de expresión para comercializar as súas receitas dende a publicidade, engadindo a ilusión ,a tradición e o traballo diarios para que os produtos galegos teñan un lugar no mercado. Sendo moi afamadas , recoñecidas e premiadas as súas galletas MARIÑEIRAS, así como o seu proceso de elaboración que ten lugar na nosa vila.

O día dezaseis de maio no salón de actos do I.E.S. Lama das Quendas de Chantada, tivo lugar o acto homenaxe á "**GALLETAS DAVEIGA**", como recoñecemento á defensa, emprego e valoración da lingua galega.

O acto contou coa presenza do seu presidente don Xosé Lois Lamazares e a representante de comunicacións e publicidade da empresa, que recolleron un diploma acreditativo, deseñado polo propio alumnado do centro, así como un pequeño agasallo de recordo desta entrega.

Os homenaxeados amosaron a súa sorpresa e a emoción que sentían polo recoñecemento da xente nova e do seu esforzo en defensa da lingua, o que os anima a seguir nesta mesma liña. Valorar a importancia deste tipo de actos que ademais supoñen un compromiso moi importante e necesario coa lingua galega.

Profesores e alumnos amosaron diversos traballos realizados ao longo do presente curso escolar sobre nutrición e os produtos elaborados por esta empresa, así como unha cata de receitas baseadas nas mencionadas galletas.



Cando me usas,
florecen milleiros de palabras.

Cando me usas,
rexuvenezo e
son distinta das outras
Porque me escolles entre todas.

Cando me usas,
sei que vivirei mil anos máis,
dándolle nome a un pobo
e a una terra.

Cando me usas,
lévasme no teu pensamento
e na túa boca
como un amante.

Cando me usas
Son forte porque
EXISTO.

Por iso, en nome da LINGUA GALEGA, queremos agradecer que en Chantada, os organismos públicos, comercios, empresas, autónomos, medios de comunicación, igrexas… utilicen a nosa lingua nas súas actividades diarias:

-Atención ao público ou clientela.
-publicidade.
-Relación con outras empresas ou organismos.
-Información que se transmite oralmente ou por escrito de cara ao público.
-Documentación interna: pedidos, facturación, inventarios.

GRAZAS POR ESTAR CON NÓS EN GALEGO.



Daveiga - Galletas Mariñeiras 😇
bendecido(a).
10 horas

QUE ORGULLO! O alumnado do IES Lamas das Quendas recoñeceu o noso compromiso coa difusión e normalización da lingua galega!

Que gusto e que agradecidos estamos! Moitísimas grazas!

Alén diso, as rapazas e rapaces preparando unhas exquisitas receitas de canapés para rematar o acto! Un traballo de 10! Fixeron maridaxes moi moi !

Deixámosvos as portas abertas do noso obrador, para cando queirades!
Feliz día das Letras, hoxe e sempre! 😉

#LetrasGalegas19 #ComprometidoscoaLingua #GalletasMariñeiras #Daveiga

Pechouse o acto coa esperanza no porvir e amosando a necesidade de continuar con este tipo de recoñecementos na nosa comarca.

VISITA DE MANUEL PORTAS

En xaneiro visitounos Manuel Portas, catedrático de Lingua galega e Literatura e profesor no IES Xelmírez I, de Santiago de Compostela. Portas era xa coñecido por nós polos seus traballos de sociolingüística, recollidos, especialmente, no seu libro *Lingua e sociedade na Galiza.* Acaba de recibir o prestixioso premio de novela "Blanco Amor" pola súa obra *Por puntos.* Mais desta vez, voltamos con el á sociedade do medioevo para saber das andanzas do xograr Lourenço na súa novela *Lourenço xograr,* recentemente lida polo alumnado de 1º de BAC e coa que se introduciron no mundo da rica Literatura medieval galega. Os rapaces fixéronlle diversas preguntas e, ao final da visita, tamén lle realizaron o cuestionario Proust que reproducimos a continuación.

Cuestionario Proust.

1. Principal trazo do seu carácter? A versatilidade.
2. Que calidade apreza máis nas persoas? A sinceridade.
3. Que agarda das súas amizades? Amizade.

4. A súa principal utopía? Un país normalizado.
5. A súa ocupación favorita? Escribir.
6. Cal sería a súa maior desgraza? Quedar cego.
7. En que país desexaría vivir? No que vivo.
8. A súa cor favorita? Non teño cor favorita.
9. A flor que máis lle gusta? A chorima.
10. O paxaro que prefire? O pardal.
11. A súa devoción en prosa? Margueritte Duras.
12. E na poesía? Lourenço.
13. Un libro? *Merlín e familia*.
14. Un heroe de ficción? Alexis.
15. Unha heroína? Sería real, Rosalía.
16. A súa música favorita? Rolling Stones.
17. Na pintura? Quizais Colmeiro.
18. O seu nome favorito? Non teño, pero gústame Manuel.
19. Que hábito alleo non soporta? A hipocrisía.
20. A figura histórica que máis despreza? Hitler.
21. Un feito militar que admire? Non admiro ningún feito militar.
22. Que don natural lle gustaría ter? A palabra.
23. De que maneira lle gustaría morrer? Non me gustaría morrer, en todo caso, durmindo.
24. Que defectos lle inspiran máis indulxencia? A ignorancia.
25. Un lema na súa vida? Vive e deixa vivir.

TRABALLOS DA ESA

Un paseo polo corazón da Ribeira Sacra

As alumnas e os alumnos da Edu
Secundaria de Adultos (ESA), xunto cos
Español para inmigrantes, fixemos un pequ
percorrido co noso profesorado polo coraz
da Ribeira Sacra.

Comenzamos o percorrido no catamar
dende Belesar, disfrutando dunhas vistas
espectaculares. Visitamos os seus canóns,
alguns dos seus afluentes, os seus viñe
a súa fauna e flora e as preciosas aldea
dos seus arredores.

Despois desta estupenda ruta, visita
o Ecomuseo Pazo de Arxeriz, onde gozam
dun espazo natural que preside no val s
o río Miño, en frente dun dos lugares r
emblemáticos da Ribeira Sacra; o Cabo d
Mundo. Todo o museo está organizado ar
redor dun maxestoso pazo do século XV

Para rematar esta estupenda visita p
nosos arredores, visitamos a igreza de San Pa
de Diomondi, onde fixemos unha parada pa
falar un pouco das características desta
beleza arquitectónica do século XII. Trátase
dunha mostra do románico galego con arco
de medio punto, muros grosos e pequenas ve

A modo de curiosidade, chamárennos a atención
uns seres fantásticos que están nos capiteis
e que mesturan homes e animais. Supostamen
serven para espantar o pecado e que este non
entre no templo.

Cheguei á conclusión de que este
tipo de actividades non só nos enriquece no
nivel académico, senón tamén no nivel persoal
xa que esta saída favoreceu a convivencia
interxeracional, debido á participación de grupos
de diferentes idades e culturas.

Jorge Vázquez Cuñarro

ESA IV

Mostra de Teatro Grecolatino

Coma todos os anos, o alumnado de latín acudimos á **Mostra de Teatro Grecolatino** en Ourense. Este curso, asistimos a ver a *Cistellaria*de Plauto, que gustou á maioría dos seus espectadores ao ser unha comedia clásica á que os actores lle deron un toque moderno que conseguiu atraer a atención do público e que tamén fortaleceu e fixo máis sinxela a súa interpretación. As críticas que recibiu foron positivas e o máis probable é que consigan, con esta marabillosa interpretación, que a xente máis moza se interese un pouco máis na cultura, neste caso na clásica.

Por outra banda, tamén nos presentamos, neste curso, á vOlimpíada de Tradución de Textos Clásicos, organizada pola sección galega da Sociedade Española de Estudos Clásicos.

A proba tivo lugar na Facultade de Filoloxía da USC o 4 de abril. O día estaba chuvioso (coma sempre en Santiago) e chegamos con certa antelación para evitar imprevistos.

Ás 18 hempezamos e entregáronnos o texto, cuxo título era *O emperador Probo*. Si, Probo. En serio, alguén coñece ese señor?Se non, é comprensible, ao parecer, o único polo que pasou á historia foi por regalar unhas viñas a uns militares e permitirlles plantalas a uns franceses...

Ao final, conseguimos elaborar unha tradución decente, que recollía as ideas principais do texto. Cando saímos, a nosa profesora, Inés empezou a traducir o texto *viva voce* diante de nós (alucinabamos, claro)

En todo caso, era *voxpopuli* que o texto non era fácil. Ao final, descubrimos que aquel fragmento pertencía ao libro VIII do *Breviarium* de Eutropio, mentres que nós traduciramos os dous primeiros os días anteriores. En todo caso, foi unha boa experiencia de cara a adquirir experiencia para as probas da ABAU e para facer ver que as linguas clásicas non están, nin moito menos, mortas.

Erika da Silva Villalobos; Natalia Moreiras Fernández; Andrés Vázquez García

ENCONTRO CON LEDICIA COSTAS.

A da escritora Ledicia Costas foi outra das visitas que recibimos este curso. Faloulles aos rapaces da cociñeira Esmeraldina, de como se inspirou para crear a historia nas visitas que, de nena, facía co seu avó Eugenio ao cemiterio, alí había nomes extraordinarios: Macedonia, Casimiro Blanco Blanco, Marciana… Axiña aprendeu que a morte anda sempre á par da vida. Tamén nos falou doutros libros seus, como *A balada dos unicornios*, onde aparecen algúns datos reais do terrible asasino londinense, Jack o destripador. O mundo da fantasía e a eterna loita entre o ben é o mal marcan as liñas temáticas e ambientais deste estupendo libro.

Por último, a autora alertounos do perigo real dos contactos con descoñecidos a través das redes sociais; o que foi ficción en O *corazón de Xúpiter*, foi a terrible realidade de Amanda Tod, de quen nos puxo o vídeo que a propia Amanda realizou antes de suicidarse, por causa do insoportable acoso que chegou a sufrir na rede e fóra dela.

Ledicia Costas despediuse de nós asinándonos os seus libros e deixando neles un fermoso selo personalizado que ten para cada un.

XIV SEMANA DA POESÍA

Do día 6 ao 10 de maio, os alumnos de 1º de BAC prepararon traballos interactivos para achegar a poesía galega actual aos demais membros da comunidade educativa. Os libros escollidos este curso foron:

Lobo amor, de Carmen Blanco.

Moda galega, de María Reimóndez.

Aplicación instantánea, de Carlos Negro.

Todo isto antes era noite, de Uxía Aldao.

Poemar o mar, de Antonio García Teijeiro.

Paseniño, Paseniño, de Antonio García Teijeiro.

Na noite, no silencio, de Juan Manuel Vázquez.

Masculino singular, de Carlos Negro.

A tarde o desacougo, de Amauta Castro.

A raíz da fenda, de Berta Dávila.

Tivemos o pracer de recibir a visita destes dous últimos autores, Amauta Castro e Berta Dávila estiveron con nós para falar de poesía e de como foi a súa experiencia para achegarse a ela tanto como lectores como creadores. Recitáronnos poemas, falaron cos rapaces e, cando se despediron, deixaron algún verso no aire para que nós o atrapemos.

VISITAS CON ENCANTO

No devir do presente curso escolar, o IES Lama das Quendas recibiu ilustres visitas que mencionamos con gran fachenda: a recreación do mundo medieval de Manuel Portas, a diversidade lingüística e cultural de Marilin de la Vega, a sensibilidade literaria de Víctor Freixanes, a fantasía e aventuras de Ledicia Costas e a musicalidade dos versos de Berta Dávila e Amauta Castro. O noso último convidado foi Antonio García Teijeiro, persoeiro ao que lle dedicamos as seguintes liñas, xa que nos acompañou a mañá do 12 de xuño nun encontro co alumnado de 2º ESO e 1º Bacharelato.

Antonio García Teijeiro naceu en Vigo no ano 1952 e exerceu a profesión de mestre de Ensino Primario e Primeiro Ciclo da ESO. Crítico e especialista literario, é un dos grandes poetas e narradores da literatura infantil e xuvenil galega. É autor dunha extensa obra e gañador dunha morea de premios. Pódense destacar algúns títulos como *Na fogueira dos versos*, libro co que gañou o Premio Merlín, o Premio Pier Paolo Vergerio e entrou na Lista de Honra do IBBY. Sobresaen tamén outros libros como *Un rato díxolle á lúa*, co que conseguiu o Premio Fervenzas Literarias ou *Estelas de versos*, co que conseguiu o Premio de poesía infantil "Luna de aire". Cómpre mencionar tamén o blog-revista que este autor dirixe e que leva por nome "Versos e aloumiños".

Con motivo da celebración da semana da poesía, o alumnado de 1º Bacharelato realizou tarefas sobre dous libros deste autor: *Paseniño, paseniño* e *Poemar o mar.* Ademais, tamén leu o libro de relatos titulado *Raiolas de Sol.*

Por outra banda, todo o alumnado de 2ºESO recitou un poema deste autor na clase. A maioría escolleu unha composición de *Poemar o mar*, porén, houbo quen se decantou por *Chove nos versos* ou *Petando nas portas de Dylan.*



Así pois, foi moi enriquecedor ver como o alumnado lle pon cara ao autor de libros que manexou, podendo intercambiar impresións con el e expoñer diversos puntos de vista sobre un mesmo libro, asumindo que entre o branco e o negro hai un amplo abano de grises. Un encontro en que reinou o ambiente distendido e que rematou coa sinatura de libros por parte do autor.

Tanto para o alumnado como para o profesorado, foi un pracer compartir pequenos momentos con persoas xenerosas que nos transmitiron o seu ollar do mundo e as súas sensibilidades, facendo incluso que reflexionásemos sobre o que somos e sobre a nosa realidade máis próxima que, na maioría das veces, nos é indiferente.

Os petróglifos de Chantada

Os petróglifos son inscricións feitas en pedra ao aire libre. O termo procede de dúas palabras gregas: *petro* (pedra) e *glifo* (gravado).

Existen en todos os continentes e en Galiza temos centos de exemplos, case todos sobre pedra granítica con algunha excepción en xisto ou lousa, que forman parte da chamada "arte rupestre". Os máis coñecidos son os de Campo Lameiro, no concello de Cotobade (Pontevedra) que algúns autores consideran a maior concentración de petróglifos de toda Europa, tanto polo número como pola diversidade de motivos que alí aparecen.

A súa cronoloxía é diversa pero, para o caso galego, sitúanse normalmente na Idade de Bronce, sobre todo no segundo milenio antes de cristo. Algúns son anteriores, cando se comezan a usar os metais (finais do III milenio e inicios do II a.c.) de época neolítica, e outros moito máis recentes, de época medieval ou mesmo moderna.

Son moitas e moi diversas as figuras representadas nestes gravados e o seu significado segue a ser discutido polos especialistas. Algunhas das máis habituais son as seguintes:

- Límite de parcelas e territorios: esa parece ser a función das pedras con cruces tal como ten estudado Fero Couselo nos anos 50. Tamén as coviñas puideron servir para o mesmo fin e así o afirman autores como Pena Graña. Eu mesmo teño lido algún documento da idade moderna que fala dos lindes dunha parcela, sendo un deles un penedo "*con tres cruces que le hicieron a tal efecto*".
- Ritos relixiosos: xa Martiño de Dumio, no século VI d.c. denunciaba os rituais que os galaicos seguían practicando arredor de pedras e que consideraba incompatibles co cristianismo. Recentemente, L. Monteagudo di que algúns petróglifos serían pedras de sacrificio e Pena Graña fala dunha mesa de ofrendas en Rego dos Pazos (San Xurxo de Torres, Vilarmaior, A Coruña).

- Símbolos solares: os petróglifos con círculos concéntricos serían símbolos solares para rituais de culto e veneración do sol.
- Ritos relacionados coa soberanía, propios do mundo céltico: é unha teoría que propoñen M. V. García Quintela e M. Santos Estévez sobre os petróglifos podomorfos (marcas con forma de pé humano) e que relacionan con ritos similares de Irlanda, Escocia e Franza.

En Chantada e a súa comarca conservamos varios petróglifos que, seguramente, serán unha pequena parte dos que realmente se tallaron. A arqueológa chantadesa Begoña González descubriu algúns deles e é a principal estudosa deste fenómeno no sur de Lugo.

- Vilaúxe: é o primeiro exemplo, coñecido como Pedra das Mentiras, con varias coviñas ou cazoletas no alto dunha pedra.
- Pesqueiras: no lugar de Airoá, con coviñas e sucos.
- Merlán: descubertos pola mesma autora cando facía o informe arqueolóxico para a instalación dunha liña de alta tensión. É o primeiro con motivos circulares do concello de Chantada e ten varias covas e unha elipse.
- Monte do Fabeiro: situado entre as parroquias de Veascós e Vilaquinte con varios círculos concéntricos de pequeno tamaño e gravados sobre unha pedra de xisto.
- Monte da Serra, nos lindes entre as parroquias de Pereira e Vilaúxe (Chantada) e Milleirós, (Carballedo), descuberto por Roi Fernández, fotógrafo de La Voz de Galicia, con coviñas ou cazoletas situado nunha elevación que destaca moito no entorno.

Todos eles foron descubertos nos últimos anos e desmenten a teoría do "baleiro" do interior de Galiza respecto a existencia de petróglifosos, que serían característicos da zona costeira e, sobre todo, da provincia de Pontevedra.

Adrián Maceda Fernández

Afondo en ti traendo o corazón á miña gorxa,

Eu sei

que existes onde aínda non sei nomearte:

alá onde se acerca a beleza ás palabras como unha chama descoñecida.

Seino. Inclino a miña cabeza desolada procurando

o chan dos teus ombreiros,

onde o espazo curva o aire

pra ensaiar o teu corazón.

Que pouco esforzo tería sido

darche agora a música: dicir

que deu fuxido de onde as redes

non tocan ó océano,

que o tempo só parou por verte

xogar cos instantes da area.

Dicir, en fin, que dentro dos teus ollos,

mergullas esta luz como dous peixes negros.

Pero de nada serven os ósos da chuvia,

o centeo que traio lagrimando entre os dedos.

Todas as rosas que a miña memoria encendía.

Todas as que traía o meu corazón á gorxa,

non podo, simplemente, poñelas nos teus labios,

porque fáltasme ti e ti só sairás desde os teus labios.

Por iso eu non quero un nome para ti,

unhas tristes sílabas que te substitúan

na terra e no recordo.

Só quero que acerques, cando queiras,

a túa voz, a túa propia voz.

Que pase, benvida,

ata o oído das miñas raíces inermes.

Desexo que te traias ata

o corazón da miña gorxa, como un bico

que suavemente inclina

o seu talo á verdade.

Adrián Maceda Fernández cursou os estudos de Bacharelato neste centro, diso hai xa catro longos anos. Falou galego desde que comezou a pronunciar as súas primeiras palabras e usouno en calquera contexto. Ninguén llo pediu, o uso da lingua foi sempre para el algo natural, como debería acontecer con calquera galego que se sinta orgulloso de selo. Hoxe ten 21 anos e estuda en Madrid. Ocupa o seu tempo entre a universidade, o baile, as lecturas e a música. Considera que é difícil encontrar estudos universitarios que reúnan as principais aspiracións do alumnado que sae dos institutos. Adrián defínese como poeta e loita por encontrar a palabra precisa, aquela que consiga expresar desde a súa óptica a singular percepción do mundo, de cada emoción ou pensamento.